

SESION DE CONSTITUCION DA NOVA CORPORACION E DE ELECCION DE ALCALDE, CELEBRADA O DIA 13 DE XUÑO DE 2015

No Salón de Actos da Casa Consistorial de Soutomaior, sendo as doce horas do día 13 de xuño de 2015, para dar cumprimento ó disposto polos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Orgánicas 1/1987, do 2 de abril; 8/1991, do 13 de marzo; 6/1992, do 2 de novembro; 13/1994, do 30 de marzo; 3/1995, do 23 de marzo; 1/1997, do 30 de maio e 3/1998, do 15 de xuño e art. 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo RD 2.568/1986, de 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais e a elección de Alcalde, reuníronse en sesión pública, os/as Srs./as concelleiros/as electos/as nas Eleccións Locais celebradas o día 24 de maio de 2015, que son os seguintes: D. Agustín Reguera Ocampo, D. Ramón Angel Fernández Garrido, D. Jesús Antonio Vidal Lage, D^a M^a Dolores Cernadas García, D^a Cristina González Piedras, D^a Noelia Ocampo González, D^a Fátima Vidal Gómez, D Manuel Antonio Lourenzo Sobral, D^a María Rosario Bouzón Martínez, D. Alejandro Pazos Míguez, D^a M^a Menduíña Durán, D^a Olalla Obelleiro Hermida e D^a Verónica Montero Pérez, asistidos pola Secretaria da Corporación, D^a Margarita Mariño Pérez, quen fai constar que constitúen a totalidade dos concelleiros electos, xa que sendo estes trece, concorreron os trece có obxecto de celebra-la sesión pública extraordinaria de constitución da nova Corporación e de elección de Alcalde.

FORMACION DA MESA DE IDADE

Seguidamente procédese a forma-la Mesa de Idade, integrada polo Concelleiro electo de maior idade, D. Jesús Antonio Vidal Lage, que pasa a presidila, e pola concelleira de menor idade, D^a. Olalla Obelleiro Hermida, e actuando como Secretaria da mesma a que o é da propia Corporación.

CONSTITUCION DA CORPORACION

Unha vez constituída a Mesa de Idade, pola mesma procédese a comproba-las credencias presentadas polos concelleiros/as electos/as, con base á certificación recibida da Xunta Electoral de Zona.

A continuación, e segundo dispón o art. 108 da mesma Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño e baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, **prestan xuramento** os/as Srs./as M^a Dolores Cernadas García, D^a Cristina Gonzalez Piedras, D^a Noelia Ocampo González, D. Jesús Antonio Vidal Lage e **prometen** os/as Srs./as, D^a María Rosario Bouzón Martínez, D. Ramón Angel Fernández Garrido, D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, D^a M^a Menduíña Durán, D^a Olalla

Obelleiro Hermida D^a Verónica Montero Pérez, D. Alejandro Pazos Miguez , D. Agustín Reguera Ocampo e D^a Fátima Vidal Gómez, **pola súa conciencia e honor, de cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a con lealdade ó Rei e gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado.**

Os concelleiros/as, D^a María Rosario Bouzón Martínez, D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, D^a M^a Menduíña Durán, D^a Olalla Obelleiro Hermida, e D. Alejandro Pazos Miguez engaden o seguinte: **Porque así nolo esixe a lei. E comprométome a defender os intereses do pobo de Soutomaior, do pobo galego e da clase traballadora.**

O Presidente da Mesa declara constituída a Corporación.

ELECCION DE ALCALDE

Acto seguido procédese, de acordo có que dispón o artigo 196 da repetida Lei orgánica, á proclamación de candidatos para a elección de Alcalde, de entre os concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas Eleccións Locais, resultando presentados e proclamados os seguintes:

D. Agustín Reguera Ocampo, polo Partido Popular.

D Manuel Antonio Lourenzo Sobral, polo Bloque Nacionalista Galego.

Invitados ambolos dous candidatos a tomar a palabra, o Sr. Lourenzo Sobral di o seguinte:

Dende o grupo do BNG Asembleas Abertas, e tamén no nome de todas as persoas que conformamos este proxecto, o primeiro que queremos facer é trasladar os nosos parabéns ao Alcalde e ao seu grupo polo nomeamento que se ven de producir.

Queremos salientar que para nós é honra inmensa, ocupar este espazo de representación democrática dos veciños de Soutomaior. Por este motivo, queremos agradecer ao pobo de Soutomaior nos outorgase a maior representatividade que nunca tivo esta organizacións. Por ese motivo, queremos dar as grazas ás case 1600 veciñas e veciños que confiastes neste proxecto. A todas as persoas que fixestes posíbel que esta organización teña hoxe por hoxe neste pleno a maior representación da súa historia. Con todos e cada un de vós, quixer compartir aquel verso de Uxío Novoneyra no que dicía que: "a forza do noso amor, non pode ser inútil".

Tede por seguro que imos estar a altura, que non vos imos fallar e que nos imos deixar o alento defendendo os intereses do pobo de Soutomaior, do pobo galego e da clase traballadora. Gustaríanos tamén amosar o noso desexo de que este pleno sexa un lugar de convivencia respectuoso, un lugar no que nos enriqueza o debate, no que sexamos quen de chegar a acordos porque por riba de todo, a nosa tarefa é a de defender e traballar a prol das veciñas e veciños de Soutomaior. Por riba das lexítimas discrepancias, por riba de calquera outro tipo de intereses deben estar os intereses do pobo de Soutomaior.

Nós polo tanto, só queremos compartir con todos os aquí presentes unhas moi breves reflexións que eu creo que debemos ter presentes ao longo de todo o mandato que hoxe principiamos.

A primeira desas reflexións é que entre todos constituímos un pleno no que a presenza de mulleres é moi maioritaria. E nós agardamos que esta realidade na representación teña o seu correlato nas políticas deste mandato. Políticas a prol da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, políticas que permitan facer anacos todos e cada un dos teitos de cristas que aínda temos, políticas de fonda vehemencia na procura dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

Tamén quería facer neste día unas pequenas lembranzas: A primeira unha lembranza aos compañeiros que nos antecederon no cargo nomeadamente aos compañeiros Fernando Herrero e Paco Alján. Unha segunda lembranza a todas as persoas que traballaron, traballan e tamén aos que están por vir neste proxecto. E por último unha lembranza aos compañeiros que xa nos están con nós: Xoan, Artemio e Lois Obelleiro ... porque hoxe estarían moi orgullosos de ver cal é a situación do BNG Soutomaior.

E por último, eu quería facer unha última análise, tamén moi breve do mandato que o pobo de Soutomaior nos outorgou. Nós cremos ,que a mensaxe das urnas foi clara e nidia coma poucas. Porque, se ben é certo que o PP obtivo unha maioría absolutamente legal non é menos certo que foi unha maioría in extremis e con sinerxias que deben ser tidas en conta. Repetimos. Unha maioría que de ningunha maneira cuestionamos e que estamos convencidos de que é froito da máis absoluta legalidade democrática. Pero nós si cremos que o grupo de goberno se equivocará" unha vez máis se non ten en

conta, neste mandato que a marxe esquerda desta mesa representa a máis cidadás que a marxe dereita. Se non ten en conta cales foron as sinerxias que se deron o 24 de Maio. Por iso. nós queremos tender unha mano Queremos facer un chamamento a reflexionar sobre conceptos elementais da democracia.¹¹

Como son gobernabilidade e representatividade, como son mioría absoluta e maioría social, como son aritmética e política. E facemos ese chamamento á reflexión con toda humildade e coa máis honesta das sinceridades. Unha reflexión que nos tamén faremos na parte que nos toca porque estou absolutamente convencido de que é no cerne, no miolo desa reflexión onde se atopa o acordo e o encontro de todas e todos nós. Cremos que é a nosa obriga procuralo, e dende logo por nós non vai quedar.

Temos por diante o arduo labor de dignificar a política, e perdoádeme a referencia, no sentido máis aristotélico do termo.

E creo que nada entenderemos se non nos decatamos de que estamos a vivir tempos novos, tempos nos que debe imperar a participación, a transparencia e nos que a política debe ser entendida, non como unha profesión, senón como un servizo.

Se así o entende o grupo de goberno, que non teña dúbida de que aquí atopará a un grupo humano que estará codo con codo defendendo os intereses de Soutomaior, pelexando para mellorar as condicións de vida dos nosos veciños e veciñas. Poñendo ao servizo do goberno unha coa capacidade de traballo que pode garantir:é é inmensa.

Polo tanto eu quero rematar esta miña intervención facendo un chamamento á participación. Animando a todo o mundo a que se implique e traballe por acadar un Soutomaior mellor. Dicía con retranca Paul Valery, que "a política é a arte de que a xente non se implique nin participe naquelas cousas que lle afectan" Sen dúbida, ese reflexo da vella política que con tanta retranca como brillantez describía o poeta e filósofo francés chegou ata os nosos días. Nas nosas mans está cambialo.

Ilusión, respecto, igualdade, dignidade, democracia, participación e transparencia Estas cremos que son as bases dun Soutomaior que entre todos debemos construír.

Viva Soutomaior, Viva Galiza e Viva a clase traballadora.

Acto seguido, de acordo có que dispón o art.196 da citada Lei Orgánica 5/1985, procédese á Elección de Alcalde, iniciándose a votación ordinaria, para elixilo de entre os candidatos proclamados ó devandito cargo, obténdose o seguinte resultado:

CANDIDATOS

VOTOS OBTIDOS

D.Agustín Reguera Ocampo	SETE (7)
D Manuel Antonio Lourenzo Sobral	CINCO (5)

A vista do resultado da votación, e ó ser trece o número de concelleiros/as e sete a maioría absoluta legal, o Presidente da Mesa de Idade declara proclamado Alcalde a D. Agustín Reguera Ocampo, por se-lo candidato que alcanza a maioría absoluta de votos.

Inmediatamente o Concelleiro que resultou elixido como Alcalde deste Concello, D.Agustín Reguera Ocampo, integrado no Partido Popular, previo nova promesa, na forma anteriormente mencionada, toma posesión do seu cargo neste mesmo acto, pasando a ocupa-la Presidencia.

De seguido o Sr. Alcalde toma a palabra para dicir:

Secretaria municipal, compañeiros e compañeiras de Corporación, veciñas e veciños, bos días e moitas grazas por acompañarnos nesta nova toma de posesión.

A vontade das veciñas e veciños de Soutomaior, libre e democraticamente expresada o pasado 24 de maio, decidiu a composición desta nova corporación Municipal que hoxe tomou posesión, e cuxo resultado máis inmediato e a miña elección como Alcalde de Soutomaior e Presidente desta corporación.

Síntome de novo moi honrado por seguir sendo o Alcalde de Soutomaior, de novo con ilusións renovadas, pero cada vez con maior responsabilidade pola confianza depositada polos vecinos e veciñas.

Neste momento institucional e de grande emoción persoal, quero mostrar a miña gratitude hacia todos os veciños e veciñas, hacia os que nos deron a súa confianza, e hacia quen es con toda lexitimidade preferiron outras opcións políticas, unha gratitude infinita e que espero non os defraudar..

Todos debemos mostrar a nosa alegría pola participación e pola normalidade con que se celebraron estas eleccións, dando de novo un exemplo de madurez democrática.

Dende este momento sigo sendo o alcalde de todos, porque así o quixeron os veciños primeiro, e os meus compañeiros no día de hoxe, que co seu voto seguen confiando en min, polo que non teño máis que palabras de agradecemento

hacia eles pola súa xenerosidade e lealdade, e prometo que seguirei o servizo de todos e todas os vecinos e veciñas e traballar sen descanso para lograr o maior benestar xeral.

Tamén quero manifestar a máxima consideración hacia o resto dos membros da corporación, que estou seguro, uns e outros ides exercer o cargo coa máxima dedicación e esforzo posibles para conseguir os mellores resultados para o noso Concello.

Estou seguro que dentro das marxes que dá a rivalidade política, seremos quen, entre todos, de poñer os intereses de Soutomaior por riba de calquera outra circunstancia, e estou seguro que entre todos podemos alcanzar logros importantes que é para que, o fin e o cabo, nos puxeron aquí os nosos veciños.

Non se me escapa que estamos a vivir un momento distinto no concepto da política e da xestión pública, e polo tanto debemos tomar nota e cambiar actitudes e formas de actuar para adaptarnos ós tempos que corren sen perder o noso código de valores.

Os que máis o necesitan deben ser neste momento e sempre, unha prioridade para todos, e tamén a conservación dos servizos fundamentais sen incrementos impositivos. Debémonos ós veciños e así o faremos.

Estou seguro que temos obxectivos comúns moi importantes que, por riba de ideoloxías, deben centrar os nosos esforzos e estou seguro que coa colaboración de todos ímolos sacar adiante, e se isto non fora posible, tamén son consciente que confiaron maioritariamente en nós para que gobernemos.

Pero non debemos centrarnos só nos grandes proxectos ou nas obras, creo que debemos centrar esforzos nos problemas diarios da xente, porque creo que ambos os dous labores non son incompatibles nen contradictorios.

Debemos, e eu o primeiro, aceptar as suxestións con humildade, debemos escoitar, facer participar á xente e actuar en consecuencia, aceptando os erros e as críticas con naturalidade e dentro da normalidade. Normalmente os vecinos teñen a mente máis fría ca nós e case sempre teñen razón.

Levo pedindo neste día, dende a primeira toma de posesión no ano 1995, que sigamos no clima do diálogo e sosego, que fagamos o máximo esforzo para conseguilo cando sexa posible, porque creo que lle ten aportado moi bos resultados ó noso Concello, e hoxe volvo reiterar a todos, que dende a diferenza política, que evidentemente temos, pero dende o sentido común, ese diálogo e ese consenso o busquemos constantemente.

Entre todos podemos aportar moito, e cantos máis aportemos, mellor, e estou seguro que só así as nosas veciñas e vecinos sentiránse orgullosos de todos nós. Moitas grazas.

O Sr.Alcalde, D.Agustín Reguera Ocampo, levantou a sesión sendo as doce horas e vintetres minutos do mesmo día e para constancia do que se tratou, extendo esta acta; do que certifico.

